

## GUÍA DIDÁCTICA DE *A LINGUA DAS BOLBORETAS*

Relato orixinal de Manuel Rivas; ilustrado por Miguelanxo Prado.

Editorial: Galaxia, 2005.



### EXERCICIOS SOBRE A LECTURA

1. Resume brevemente a trama do relato (non máis de 8 liñas).
2. Quen é o narrador? Trátase dun narrador interno ou externo? En que persoa está escrito o relato? E en que tempo verbal?
3. Que é un alcume? Cal é o alcume do protagonista? Quen llo puso e por que?
4. Por que ten medo Moncho de ir á escola? Que lle sucede o primeiro día?
5. Describe física e psicolóxicamente os personaxes principais e a relación que hai entre eles
  - Moncho
  - O pai
  - A nai
  - Don Gregorio
6. En que época transcorren os feitos? Busca no texto referencias que nos permitan situar o relato nese momento histórico.
7. A II República española transcorreu entre 1931-1936.
  - Entre que anos tivo lugar a I República española?
  - É España actualmente unha república? Se non, que tipo de sistema político é?
8. Cando tivo lugar a guerra civil española? Por que se denomina civil? A que bandos enfrontou e quen foi gañador? Que consecuencias políticas e sociais tivo?

9. Le este texto sobre a educación na II República.

- Que características deste tipo de educación podemos atopar no texto?
- Que novidades levou Don Gregorio á escola? Como “castigaba” aos alumnos?
- Explica coas túas propias palabras que quere dicir *mixto* e *laico*.

A II República española, que se proclamou o 14 de abril de 1931, simbolizou a democracia e a modernidade, a liberdade, a educación e o progreso. Unha das reformas máis importantes que levou a cabo a II República foi a da ensinanza, creando unha escola pública, obrigatoria, laica e mixta. Intentouse facer do alumno o protagonista do novo proxecto pedagóxico, creando unha ensinanza moito máis participativa e activa, por exemplo, saíndo ao campo para experimentar as leccións das ciencias naturais, estimulando así, a curiosidade do alumno. Outro principio da escola republicana era o laicismo, polo que se prohibiu impartir aulas ás ordes relixiosas. Por outra banda, tamén se respectaban as diferenzas lingüísticas e os alumnos podían expresarse na súa lingua materna.

Non obstante, esta aventura pedagóxica durou moi pouco e trala guerra moitos mestres foron asasinados, acusados de ateos e de corruptores de mentes.

10. Castelao, unha das figuras máis emblemáticas da cultura galega, fixo unha serie de debuxos que retrataban os horrores da guerra civil.

Aquí podes ver un deses debuxos titulado: *A derradeira lección do mestre*.



- Que representa?
- Como cres que morreu o mestre?

11. No relato menciónase ao poeta Antonio Machado. Que sabes del? Onde morreu? Por que?

12. Explica o que acontece neste fragmento da páxina 24:

O meu pai era republicano. A miña nai, non. Quero dicir que a miña nai era de misa diaria e os republicanos aparecían como inimigos da Igrexa. [...]

“Que tes ti contra Azaña? Esa é cousa do cura que vos anda quentando a cabeza”.

“Eu á misa vou rezar,” dicía a miña nai.

“Ti, si, mais o cura non”.

- Quen era Azaña?
- Que significa a expresión *quentarlle a alguén a cabeza*?
- Que suxire o pai de Moncho ao afirmar que o cura non vai á misa só para rezar?

13. En que espazo transcorre a historia: no campo o una cidade?

- Que pistas atopamos no texto que confirman esta información?
- Cres que a sociedade galega da época era principalmente rural ou urbana? E hoxe en día?

14. Un topónimo é un nome que designa un lugar. Anota tres topónimos que atopas no texto.

15. No texto menciónase varias veces o monte Sinaí:

- Que cres que representa?
- Existe en verdade un monte con ese nome en Galicia?

16. No texto atopamos referencias a América.

- Que papel cres que xoga esta terra na sociedade galega da época?
- Busca información sobre a emigración galega: entre que épocas se produciu, por que, a que países principalmente...
- No texto menciónase a palabra *indiano*. Que cres que significa neste contexto?

17. Tamén atopamos referencias á guerra de Marrocos.

- En que anos tivo lugar esta guerra?
- Quen participou nela e por que motivos?
- Quen é Abd el-krim? E o Barranco do Lobo (p. 6)?

18. Busca información sobre a personaxe do Sacaúntos (p. 10).

19. Cales son os valores que transmite o relato?

20. Explica o deselance no que Moncho berra ao mestre. Por que cres que o fai? Que palabras emprega? Que significado teñen?

21. Quen son os “homes con camisa azul” e os “roxos” (p. 30-32)?

22. Busca información sobre o autor, Manuel Rivas e escribe unha pequena biografía empregando o pretérito.

- Cales son as súas principais obras?
- Que xéneros literarios cultiva?
- Está traducido ao croata?
- Repasa a súa obra e investiga se existe algún tema recorrente.

23. Busca información sobre Miguelanxo Prado, o ilustrador.

- Que produto infantil da TVG (televisión de Galicia) foi ilustrado por el?
- Cal é o título da súa última banda deseñada? Que premios gañou con esta obra?

## EXERCICIOS SOBRE A LINGUA

1. Explica por que levan til as seguintes palabras:

- *Invisíbeis* (p. 4)
- *Ás* (p. 6)
- *Pé* (p. 8)
- *Sorría* (p. 12)
- *Vós* (p. 20)

2. A gheada é un fenómeno fonético que consiste na pronuncia do fonema *g* como *h* aspirado, semellante ao son do *h* na palabra inglesa *house*. A gheada represéntase na escrita mediante o dígrafo *gh*.

- Busca exemplos deste fenómeno no relato.
- De que zonas de Galicia é típico este fenómeno?
- Trátase dun erro ou é un trazo dialectal admitido pola Academia Galega?

3. Define as seguintes palabras:

- *Envexa* (p. 4)
- *Vimbio* (p. 4)
- *Desertor* (p. 6)
- *Xastre* (p. 6)
- *Pau* (p. 8)
- *Pupitre* (p. 8)
- *Anguria* (p. 8)
- *Gargalladas* (p. 9)
- *Cabichas* (p. 12)
- *Amodiño* (p. 14)
- *Desacougante* (p. 20)
- *Niño* (p. 22)
- *Alameda* (p. 26)
- *Saloucos* (p. 28)

4. Explica as seguintes expresións:

- *Ir de quintos á guerra* (p. 6)
- *Pasar o ferro* (p. 16)

5. A comparación é un recurso literario que consiste en establecer semellanzas entre dous elementos. Neste caso, o autor fai unha comparación entre o medo e un animal. Podes ver que aparecen os dous termos que se comparan e unha partícula comparativa (*como*).

Ex: *O medo, como un rato, roíame os adentros* (p. 8)

- Anota polo menos outros catro exemplos deste recurso.
- Cando se substitúe un termo por outro non falamos de comparación senón de metáfora. Podes atopar outro exemplo de metáfora no texto?

Ex: *Que marabilla. Ir polo mundo voando, con eses traxes de festa [...]* (p. 4)

6. Explica o título do libro. De que cres que poden ser metáfora as bolboretas?